



[TEASER IRIBARNE](#)

## **Coincidindo co centenario do nacemento de Manuel Fraga, ButacaZero comparte co público o arranque do proceso de creación do seu novo espectáculo *IRIBARNE***

***Iribarne* é o título da nova peza de teatro político que Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira están a preparar con estrea prevista no 2023**

**Esta semana, no Teatro Principal de Santiago, terán lugar tres xornadas de traballo creativo e improvisación teatral os días 22, 23 e 24 de novembro**

**A iniciativa está enmarcada dentro do proxecto 'Cruces' de Camino Escena Norte, grazas ao cal a compañía galega acollerá á compañía vasca Hika Teatroa, cuxa directora, Agurtzane Intxaurreaga, aportará a súa experiencia escénica ao proxecto ampliando as ferramentas dos creadores galegos**

**O martes 22 e o mércores 23, coincidindo co centenario do nacemento do político galego, as portas do teatro estarán abertas a aquelas persoas interesadas en coñecer o proceso de creación ou aportar o seu gran de area**

**A cita será ás 17h, as prazas son limitadas e é preciso inscribirse no e-mail [iribarne@butacazero.net](mailto:iribarne@butacazero.net)**

**Galicia, 21 de novembro de 2022.- ButacaZero** arranca esta semana unha nova fase dentro da creación da súa nova proposta escénica, ***Iribarne***, unha peza de teatro político que a compañía dirixida por **Esther F. Carrodegas** e **Xavier Castiñeira** estreará no 2023.

***Iribarne***, que está en proceso de creación na actualidade, afondará na figura de Fraga Iribarne tentando comprender o seu impacto no noso presente e tamén na nosa identidade.



Os días **22, 23 e 24 de novembro**, con motivo do centenario do nacemento do popularísimo político, ButacaZero deseñará **tres xornadas de creación con cinco intérpretes en escena e a colaboración da directora Agurtzane Intxaurreaga**, da compañía vasca **Hika Teatroa**. A cita será no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

O intercambio terá lugar grazas ao programa **'Cruces'**, de **Camino Escena Norte**, que ten por obxectivo favorecer que **compañías de diferentes comunidades autónomas do norte de España** poidan coñecerse creativamente e trazar lazos de unión.

O público está tamén convidado a formar parte deste proceso. O martes **22 e o mércores 23 de novembro** (día do centenario do nacemento de Manuel Fraga) as portas do Teatro Principal de Santiago de Compostela **estarán abertas para que cincuenta persoas poidan coñecer o proceso de creación e participar del**. As persoas interesadas poden apuntarse no correo [iribarne@butacazero.net](mailto:iribarne@butacazero.net), indicando cal dos dous días queren participar. A selección establecerase por rigorosa orde de chegada.

Así mesmo, ButacaZero convida ás **persoas que o desexen a enviar informacións que consideren relevantes** para o proxecto, dende anécdotas persoais a noticias, imaxes, vídeos ou anacos de xornais. A canle para facelo é o mesmo correo electrónico: [iribarne@butacazero.net](mailto:iribarne@butacazero.net).

## **SOBRE O PROXECTO ESCÉNICO**

*Iribarne* non será un *biopic* sobre a vida de Manuel Fraga Iribarne. O espectáculo parte dunha investigación sobre a súa vida e o seu percorrido político para chegar a entender non só a figura do político, senón, principalmente, a afectación que tivo -e segue a ter- nas nosas vidas. A obra está prevista cunha enerxía desbordante, un espírito irreverente e moita ironía -marca da compañía-, con referentes como *Ubú rey*, de Alfred Harry, ou *La imaginación del futuro*, do colectivo teatral chileno La Re-sentida.



*Iribarne* nace da necesidade de descubrir que implicacións ten no noso presente un dos políticos máis populares e interesantes da nosa pre-Transición. A piques de celebrar o centenario do seu nacemento, Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira queren facer balance dunha personalidade “particularísima e popularísima” que, en palabras do tándem artístico, “puido ter sucedido a outro galego, Francisco Franco, pero tivo que se conformar con ser o ‘grandísimo presidente dos e das galegas’. Porén, temos a impresión de que polo camiño deseñou non só o que agora é Galicia, senón mesmo o que é España: esa España do turismo, a do destape a dos paradores... Ou o mesmísimo PP”.

No seu anhelo de achegarse ao público dun xeito diferente, ButacaZero porá en pé con *Iribarne* un proxecto de investigación teatral compartido co público para tratar de interpretar a unha das personaxes referentes da política galega e española, que serán compartidas a través das redes sociais da compañía, convidando ao público a participar no proceso de creación colectiva do espectáculo. Nos vindeiros meses terán lugar numerosos eventos, entre eles entrevistas e novas sesións creativas multidisciplinares ou de improvisacións dramatúrxicas das cales nacerá, ao final do proceso, a peza teatral que se estreará no 2023.

## **SOBRE A COMPAÑÍA**

ButacaZero é a plataforma creativa posta en marcha por Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira. Con propostas como *Voaxa e Carmín*, *#camiños*, *Despois das ondas* ou *32m<sup>2</sup>*, o tándem sitúase como referente do teatro contemporáneo no panorama escénico galego, grazas á súa capacidade á hora de dialogar co mundo actual. A investigación e a reflexión desde unha mirada crítica e irónica son as claves que definen as súas creacións, que se concretan en dramaturxias feitas a medida, nas que a tradición teatral se mestura coas linguaxes contemporáneas.

## **CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO**

*The Office Comunicación*

Lucía Pita e Luisa Castiñeira

Tel. 675 404 321 - 620 113 155

[luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es) - [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.butacazero.net](http://www.butacazero.net)